

Luns, 4 de decembro de 2023

Núm. 233

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***AMPLIACIÓN DOS PRAZOS PARA PRESENTAR A CONTA XUSTIFICATIVA (TRAÍDAS DE AUGAS)*

O 26/09/2023 no BOPPO núm. 186 publicáronse as "bases para a concesión de subvencións a comunidades de augas de consumo do Concello do Porriño para o control sanitario, mantemento de instalacións e reparacións na rede de distribución durante o ano 2023".

O 28/11/2023, mediante o decreto da alcadía 2023-3583 (expediente 1653/2023), resólvese nos seus puntos quinto e sexto a ampliación dos prazos para a presentación das contas xustificativas:

Quinto: A concesión dunha ampliación do prazo para presentación da conta xustificativa respecto á liña 1 ata o 15/12/2023 toda vez que a segunda convocatoria por parte do Concello fíxose con retraso por terse declarado deserta a primeira convocatoria. Dita ampliación publicarase no BOPPO e na BDNS, así como no portal de transparencia e no taboleiro de anuncios municipal.

Sexto: A concesión dunha prórroga do prazo para a presentación da conta xustificativa respecto á liña 2 ata o 28/03/2024 polo mesmo motivo exposto no punto quinto da presente resolución ao que debe engadirse a obrigatoriedade de tramitación das comunicacións previas, a dificultade técnica de realización das obras e a metereoloxía desfavorable que impide o inicio das mesmas. Dita prórroga requirirá previamente a incorporación dos créditos a favor de cada un dos beneficiarios.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde-presidente, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co código de identificación de sinatura electrónica, no lugar e na data expresados na marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QPTPD90JWV2I4VC

